



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DE VALLE-INCLÁN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Cultural Amigos de Valle Inclán o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Asociación Cultural Amigos de Valle Inclán para a realización de actividades culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

No ano 2017 a Asociación Cultural “Amigos de Valle-Inclán” ten previsto a creación e mantemento da páxina web da Asociación, a organización de dúas conferencias referidas á obra ou biografía do escritor, a presentación en Roma do número 32 de Cuadrante e participación en conferencias, a presentación en Madrid dun novo número da revista Cuadrante e realización da ruta valleinclaniana pola cidade de Madrid, a edición de manuscritos de Valle-Inclán.





De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa a obra deste autor; é a Asociación Cultural “Amigos de Valle-Inclán” a encargada de levar a cabo as actividades para enaltecer e divulgar a figura de Valle-Inclán. Por todo o anterior é a Asociación Cultural “Amigos de Valle-Inclán” a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de maio de 2017

